

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA NOVE DE NOVEMBRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos do día nove de novembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e seis de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.684/10 de don José Raúl Rodeiro Lobato

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 104 do plano de concentración parcelaria da zona de San Fins de Sales e San Andrés de Illobre, situada en Trasariz, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2) e solo de núcleo rural (N-1), en catro parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación solicitada nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 240,00 euros

2.2.- Instancia num. 1.696/10 de don Juan Carlos Silva Moure



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 40 mts de lonxitude, con pedra de perpiaño e arame, no lugar de Vilar, en solo rústico de protección forestal (R-3) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discurrir das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será do país. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e catro euros con oitenta e nove céntimos (#24,89#)

2.3.- Instancia num. 1.640/10 de dona Ana Cobas Fernández

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a canalización para a conexión da súa vivenda, situada en Reboredo, á rede municipal de sumidoiros, nunha lonxitude aproximada de 40 mts

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e axustarse ás condicións establecidas na autorización de conexión da empresa concesionaria do servizo

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.4.- Instancia num. 1.753/10 de dona Aurora Araujo Varela

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 282 de concentración parcelaria de San Fins de Sales, situada en Illobre, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1); solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), en dúas parcelas resultantes segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Diego A. Gómez Blanco

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación solicitada nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 120,00 euros

2.5.- Instancia num. 1.728/10 de don Enrique Nives Ferreiro



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente na substitución da tella nunha superficie aproximada de 72 m², situada en Piñeiro, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. En cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e nove euros con oitenta e seis céntimos (#39,86#)

2.6.- Instancia num. 1.575/10 de dona Trinidad Vila Liñares

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 355 do plano de concentración parcelaria de Trobe "Viña do Monte" situada en Bazar, en solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) e solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, en catro parcelas resultantes de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro


A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación solicitada nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de 120,00 euros

2.7.- Instancia num. 1.780/10 de dona Josefa Cutrín Tejo

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 184 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Nande, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Gobeno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; de acordo co establecido na lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación



provisional, á cantidade de cento catorce euros con corenta e oito céntimos (#114,48#)

2.8.- Instancia num. 1.719/10 de don Oscar Rodríguez Barcala

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Santiago de Compostela, expoñen que a Xunta de Goberno concedeulles licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no ano 2008 (licenza 42/2008), e rematadas as mesmas e achegando a documentación preceptiva, de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, solicita a concesión da licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda concederlles a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas , xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenden á cantidade de 90,00 euros

3º.- Acordo, se procede, sobre transmisión de licenza de apertura de establecemento destinado a panadería en Vedra

Vista a solicitude núm. 1652/10 presentada por Susana Raviña Carbia para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a PANADERÍA, sito no lugar de Marzán de Abaixo da parroquia de Santa Baia de Vedra, deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 12/04/1989 e que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada previamente nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ó transmitente e ó adquirente.

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do contrato de servizos consistente na redacción do Plan Especial de Protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla



Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizos consiste na redacción do *Plan Especial de Protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla*, financiado con cargo á Secretaria Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo (90%) e con cargo a recursos propios (10%)

En función das puntuacións obtidas polas propostas presentadas : José Manuel Diego Durán (1,50 puntos); Mauro Doncelo Marchan (1,50 puntos) e Fermín González Blanco S.L (6,00 puntos), segundo os criterios establecidos na cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 05/10/2010 e publicado no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com), a Xunta de Goberno de acordo co establecido no artigo 135.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, acorda:

Requerir a Fermín González Blanco, S.L, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que no prazo de dez días hábiles presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social , de dispor efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato e de ter constituído a garantía definitiva.

5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do contrato de subministro de formigón

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación do contrato do subministro de formigón previsto no proxecto de *Instalación de soportes para colectores de RSU* (HM-20 e HM-25), financiado integramente pola Deputación Provincial de acordo co convenio asinado.


En función das puntuacións obtidas polos licitadores admitidos: M.C Mapoca, S.L (18,00 puntos); Hormigones Marbe Hispania, S.L (17,85 puntos) e Manuel A. Gamallo Sinde y José Canicoba Cabo, S.C (13,71 puntos), segundo os aspectos obxecto da negociación previstos na cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas particulares aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 05/10/2010 e publicado no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com), a Xunta de Goberno de acordo co establecido no artigo 135.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público acorda:

Requerir a M.C. Mapoca, S.L, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que no prazo de dez días hábiles presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de ter constituído a garantía definitiva

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de novembro do ano que andamos, pola que en relación co expediente que se está a tramitar por mor dunhas ramas de árbores que invaden un vial municipal, concédeselle a don Manuel Cabo Silva un prazo de 15 días para que proceda á corta das mesmas

A Xunta de Goberno dáse por enterada



6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de outubro do ano que andamos, pola que se aproba a lista definitiva de admitidos na gardería municipal para o presente curso escolar con motivo da ampliación da mesma consistente na dotación dun aula máis

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de novembro do ano que andamos, pola que se lle concede a dona Virtudes Camino a incorporación inmediata ó servizo de axuda no fogar, cunha intensidade de 70 horas/mes, e unha achega da usuaria de 1,20 euros/hora, de acordo co establecido no Regulamento do citado servizo

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de novembro do ano que andamos, pola que se en función da súa urxencia e de acordo co establecido na lei 30/2007, de contratos do sector público, acórdase adxudicar as obras consistentes na pista en Trobe, pista en Ribeira, pista en Cubelas e acceso ó Centro Ictiolóxico, contempladas na memoria medioambiental no ámbito da Rede Natura 2010, mediante contrato menor á empresa Construcciones Boqueixón, S.L., con cargo á anualidade 2010 subvencionada pola Consellería do Medio Rural

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de novembro do ano que andamos, pola que se lle concede a don Manuel Cabo Silva un aprazamento solicitado para cortar unhas ramas de árbores que invaden un vía municipal

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de outubro do ano que andamos, pola que se acorda apobar as seguintes facturas de Centro de Orientación de Estudos Comerciales, S.L: nº 84 pola 2ª fase ludoteca de verán (importe: 1.700,00 euros); nº 85 pola impartición dun curso de tofografía dixital (importe: 960,00 euros); nº 86 pola actividade de Blog-education (importe: 1.425,00 euros) e nº 87 pola impartición dun obradorio de radio (importe: 1.425,00 euros), dada a urxencia pola necesidade de xustificar a subvención concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos fóra do horario lectivo

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

7º.- Outros asuntos

7.1.- Designación de representante do concello no Consello Escolar

Dáse conta do escrito num. 1814/10 no que don José Viaño Rey, en calidade de director do CPI de Vedra, solicita a designación do representante do concello para formar parte do Consello Escolar do Centro

A Xunta de Goberno acorda que continúe don José Antonio Sánchez de la Fuente, que xa ven desenvolvendo esas funcións

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e dez minutos



